



## Concello de Lourenzá

### ACTA

**Expediente núm.:**

PLN/2018/1

**Órgano colexiado:**

El Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria
<b>Data</b>	24 de maio de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:34 ata as 20:40 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Sesións
<b>Presidida por</b>	Rocío López García
<b>Secretario</b>	Begoña González Pedregal

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
77595025V	Carlos Rivas Rivas	Sí
33995905L	Francisco Javier Rodríguez Barrera	Sí
76565789P	Josefa Rodríguez Lorenzo	Sí
71865319W	Manuel Arango Ron	Sí
77595087X	María Emma Álvarez Chao	Sí
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	Sí
33803722R	Miguel Castrillón Fernández	Sí
77592743N	Pablo Maseda Fernández	Sí
76580879X	Rocío López García	Sí
77596320R	Ángel Fernández Villalba	Sí

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 15/03/2018.

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular á acta da sesión anterior, de data quince de marzo do dous mil dezoito (15/03/18), distribuída coa convocatoria, pola Secretaria fíxose constar que se detectara un erro material na páxina seis, no punto referente á aprobación do Presuposto/2018, onde di: "*Seguidamente tomou a palabra o voceiro do P.Popular, Sr.Arango Ron*", cando debería dicir: "*Seguidamente tomou a palabra o voceiro do P.S. de G.-P.S.O.E., Sr. Arango Ron*".

Feita esta corrección de erro material e non habendo nada máis, o borrador da acta da dita sesión foi aprobada por unanimidade dos presentes.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

#### DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A NÚMERO 272 DE 11/04/2018 ATA A NÚM. 0513 DE 21/05/2018 (AMBAS INCLUSIVE).

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a número 272/18 de data 11/04/2018 ata a número 0513/18 de data 21/05/2018, ambas inclusive.

#### DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA DO 1º TRIMESTRE DO 2018.

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre a execución do presuposto correspondente ó **PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2018**, que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 12/04/2018, dando cumprimento ao disposto na

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

### **DACIÓ DE CONTA DO P.M.P. DO 1º TRIMESTRE DO 2018.**

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informe do PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2018 relativo ao CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpriuse no Primeiro Trimestre do Exercicio 2018, posto que o Período Medio Global foi de -10,10 días.

Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 12/04/2018.

### **DACIÓ DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DO ANO 2017.**

Neste punto da orde do día deuse conta ó Pleno do Concello, de conformidade co disposto no artigo 191 e 192.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, da aprobación, por acordo da Xunta de Goberno Local de vinte e sete de marzo do dous mil dezaioito (27/03/2018), da Liquidación do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio do 2017.

Dita Liquidación ofrece os seguintes resultados e arroxa o resumo

transcribe a continuación:

MPRE co obxectivo de ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA, arroxando unha capacidade de financiamento ó peche do exercicio de 345.426,15

Euros.  
MPRE co obxectivo da REGRA DE GASTO, arroxando unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable ó peche do exercicio de 3.484,34 Euros.

MPRE co límite de débeda, arroxando un volume de débeda viva que ascende a 206.545,61 Euros, que supón o 10,93% dos ingresos correntes de carácter ordinario.

Período Medio de Pago, -18,06, ESTÁ DENTRO do establecido.

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá



A)	RESULTADO PRESUPOSTARIO	EUROS
1	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.185.247,34
2	OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS NETAS	2.087.716,48
3	RESULTADO PRESUPOSTARIO (1-2)	97.530,86
4	DESVIACIÓNS POSITIVAS DE FINANCIAMENTO	0,00
5	DESVIACIÓNS NEGATIVAS DE FINANCIAMENTO	0,00
6	GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE	0,00
7	RESULTADO DE OPERACIÓNS COMERCIAIS	0,00
8	RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO (3-4+5+6+7)	97.530,86
B)	REMANENTE DE TESOURERÍA	
1	(+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO	619.836,47
	De Presuposto de Ingresos. Exercicio Corrente	382.578,01
	De Presuposto de Ingresos. Presupostos Pechados	237.102,24
	Doutras operacións non Presupostarias	156,255
2	(-)OBRIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO	78.915,68
	De Presuposto de gastos. Presuposto Corrente	18.239,44
	De Presuposto de gastos. Presupostos Pechados	0,00
	De Outras Operacións non presupostarias	60.676,24
3	(-)PARTIDAS PENDENTES APLICACIÓN	-232.580,35
	(-) Cobros realizados pendentes aplicación definitiva	232.580,35
	(+)Pagos realizados pendentes aplicación definitiva	0,00
4	(+) FONDOS LÍQUIDOS EN TESOURERÍA	734.997,39
I	REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1-2-3+4)	1.043.337,83
II	GASTOS FINANCIAMENTO AFECTADO	0,00
III	SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	98.140,40
IV	REMAN. TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS(I-II-III)	945.197,43

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

#### ROGOS DO B.N.G.

**1.- Debido a que neste Concello séguese bastante a raxatabla a lei de protección de datos, o cal impide que se colguen na web municipal e mesmo nos taboleiros de anuncios do consistorio as actas das Xuntas de Goberno e dos Plenos municipais a pesares de que estes últimos son abertos ó público.**

**ROGO: Rogamos que se proceda coa mesma cautela e sixilo cando se trata do envío de documentación de uso exclusivo dos compoñentes do Pleno Municipal ou das Xuntas de Goberno para**

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

**que esta información non vaia a parar a persoas sen ningún tipo de vinculación con este concello.**

A Alcaldía quedou enterada do contido de dito rogo e pola Secretaría preguntouse de que se trataba posto que polo Programa de Xestión non era posible, o que lle informaron que ocorría cando se remitían os borradores das actas da Xunta de Goberno Local polo correo electrónico do Concello, ao que se contestou que se miraría que era o que pasaba.

**2.- Dado que o segundo tenente de alcalde ten unha dedicación parcial, dentro das súas obrigacións estaría acudir ás Xuntas de Goberno e non escudarse en motivos laborais, así que , rogamos acuda ás Xuntas de Goberno ou ben renuncie ao seu salario.**

**No pasado pleno municipal formulouse este Rogo referente á obrigación do Sr. Rivas de acudir ás Xuntas de Goberno, xa que dentro do seu contrato laboral de 30 horas mensuais, preferentemente os venres entre as 9 e as 14 horas, entendemos que figura ademais de atender ao público, exercer a súa obrigación de asistir as devanditas comisión debido a que forma parte do mencionado órgano de Goberno.**

**A resposta do Sr. Rivas, que non recolle a acta do Pleno, nin tampouco os comentarios da Sra. Dengra, foi que só faltara en 2 ocasións, negando calquera outra ausencia. Unha vez repasadas as actas da Xuntas de Goberno dende a concesión da súa dedicación parcial no Pleno Municipal do día 31 de maio do 2016, recollense as seguintes ausencias: 20 Setembro de 2016( escusa a súa asistencia); 24 de novembro do 2016 ( non asistiu); 27 de abril do 2017 ( non asiste por motivos persoais); 22 de xuño de 2017 ( non asiste motivos laborais); 29 de setembro de 2017(non asiste problemas laborais);28 de decembro do 2017 ( non asiste motivos laborais) e 27 de marzo de 2018 ( non asiste motivos laborais).**

**Todas as actas foron aprobadas polos compoñentes de tales xuntas sen existir ningunha corrección ou retificación, co cal damos por certo o que nelas se recolle.**

**Ante a molestia que lle supuxo devandito rogo, a pesar da súa negativa para recoñecer as súas ausencias, non queda outra opción que preguntarnos que validez ten as palabras manifestadas por vd. ante este Pleno, ou se está a suxerir que as actas non recollen a verdade e son erróneas, co cal ou deixa en mal lugar aos seus compañeiros de grupo de goberno ou é a persoa encargada de dar fe e levantar ditas actas a que mente e vostede dano por bo. Outra opción é qu ningún dos asistentes se moleste en ler o que eles mesmos aproban.**

**ROGO: É por todo iso que lles rogamos que nos aclaren se son certas estas ausencias ou se se trata dun erro, nese caso pediríamolle a todas a partes implicadas un pouco máis de rigor nas súas actuacións, xa que aínda que é certo que isto non supón un sobrecusto ás arcas municipais, non sabemos que consecuencias legais terían algún tipo de reclamación que**

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

***puidese facerse por parte de terceiros, nin a validez legal de certos acordos recolleitos en actas de dubidosa legalidade.***

A Alcaldía quedou enterada do contido do Rogo, e polo Sr. Arango Ron indicouse que, se nas sesións había quorum suficiente, non había problema ningún aínda que non viñera e que parecían que non faltara tantos días pero que o mirarían, que non era porque non leran as actas senón porque non se fixaban nese detalle concreto das asistencias e por parte da Sra. Dengra manifestouse que tamén a ela parecía moitos días, porque ó mellor, faltaba cando eran un luns ou martes por motivos de traballo pero que normalmente facíanas o venres e neste caso, a ela parecía que acostumaba a vir a case todas pero que non o podía dicir con exactitude sen miralo e que o mirarían.

### **PREGUNTAS FORMULADAS POLO BNG.**

**PREGUNTA NÚM. 964 DE 22/05/2018.- De cantos expedientes abertos pola APLU ten constancia este Concello.**

Pola Alcaldía indicouse que eran sete.

**PREGUNTA NÚM. 965 DE 22/05/2018.- Dentro do Pleno de aprobación dos presupostos municipais quedou vostede en mirar o contrato de D. Francisco Damián Pérez Rodríguez. Podería dicirnos si está dentro da legalidade.**

A Sra. Alcaldesa informou que estaban pendentes e que estaban elaborando un contrato porque o que había era de anos atrás e a repregunta de se estaba ben ou mal, indicou que estaban mirando.

**PREGUNTA NÚM. 966 DE 22/05/2018.- O longo do ano 2017 o Concello de Mondoñedo pasoulle algún cargo ó Concello de Lourenzá en relación co Convenio que teñen os dous concellos referente o servizo do CIM?**

Pola Sra. Alcaldesa respostouse que no ano 2017 non pasaran ningún cargo, que falaran co Concello de Mondoñedo e que dixeran que houbera atrasos en pasar o cargo porque estiveran con cambios de Secretario, e que a parte correspondente ó exercicio 2017, pasaríana neste ano 2018.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello de Lourenzá**